

I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

DECRETO 29/2023, do 30 de marzo, sobre a xestión da seguridade das estradas de Galicia.

No ano 2008 adoptouse a Directiva 2008/96/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro, sobre xestión da seguridade das infraestruturas viarias.

Esa Directiva 2008/96/CE requiría o establecemento e a aplicación dos procedementos de actuación de xestión da seguridade viaria que se consideraron como mellor práctica en Europa nas infraestruturas viarias.

Porén, o seu ámbito de aplicación só abranguíu as estradas pertencentes á Rede transeuropea de estradas e, dado que todas as estradas pertencentes a esa rede que discorren polo territorio da Comunidade Autónoma de Galicia son de competencia da Administración xeral do Estado, non lle era de aplicación a ningunha estrada de competencia autonómica.

Posteriormente, no ano 2019, adoptouse a Directiva (UE) 2019/1936, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro, pola que se modifica a Directiva 2008/96/CE, sobre xestión da seguridade das infraestruturas viarias, que modificou diversos aspectos do seu contido.

A ese respecto, o preámbulo da antedita Directiva (UE) 2019/1936 indica que os procedementos de xestión da seguridade das infraestruturas viarias aplicados na Rede transeuropea de estradas contribuíron a reducir o número de vítimas mortais e feridos graves e que, polo tanto, tamén convén que estes principios se apliquen a outras partes da Rede europea de estradas.

Polo tanto, como parte desa modificación, amplíase o ámbito de aplicación da Directiva 2008/96/CE, que pasa a afectar unha parte das estradas que son competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Como consecuencia de todo o anterior, o ámbito de aplicación da Directiva 2008/96/CE pasou a abranguer todas as estradas integrantes da Rede transeuropea de estradas, as autoestradas e outras estradas principais, independentemente de que se atopen en fase de deseño, de construción ou de explotación, así como o resto de estradas situadas fóra



das zonas urbanas, as que non teñan acceso ás propiedades lindeiras e que, a partir da entrada en vigor deste decreto, se leven a cabo utilizando financiamento da Unión Europea, coa excepción das estradas que non están abertas á circulación xeral de vehículos de motor, como as vías de circulación para bicicletas ou as estradas que non están concibidas para a circulación xeral, como as estradas de acceso a zonas industriais, agrícolas ou forestais. Ademais, permite incluír no ámbito de aplicación das normas de transposición da Directiva 2008/96/CE outras estradas.

Por outra parte, defínese o concepto de estrada principal como aquela situada fóra das zonas urbanas que conecta grandes cidades ou rexións e pertence á categoría máis alta de estradas por debaixo das autoestradas na clasificación nacional de estradas en vigor o 26 de novembro de 2019.

Nese sentido, nin a Comunidade Autónoma de Galicia nin ningunha das entidades locais do seu ámbito territorial son titulares de ningunha estrada que conecte grandes cidades ou rexións, dado que, en aplicación do artigo 4.5.e) da Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas, as estradas que realizan esa funcións, que serían as que enlazan as comunidades autónomas e conectan os principais núcleos de poboación do territorio do Estado de xeito que formen unha rede continua que soporte regularmente un tráfico de longo percorrido, forman parte da Rede de estradas do Estado e, polo tanto, han de ser de titularidade estatal.

En consecuencia, non sería imprescindible incluír dentro de ámbito de aplicación deste decreto ningunha outra estrada ao marxe das integrantes da Rede transeuropea de estradas e das autoestradas.

Porén, optouse por incluír tamén, como parte do ámbito de aplicación do decreto, as autovías, empregando a posibilidade que outorga a Directiva 2008/96/CE nese sentido, dado que, segundo a lexislación autonómica en materia de estradas, comparten a maior parte das características e requisitos das autoestradas, e tendo en conta que na terminoloxía empregada pola normativa comunitaria non se emprega o concepto de autovía, por ser un concepto de uso exclusivo en España, e, en consecuencia, o concepto de autoestrada na normativa comunitaria é empregado a miúdo para englobar os termos de autoestrada e autovía que se empregan na normativa española (tanto estatal como autonómica).

Doutra banda, a Directiva (UE) 2019/1936 establece para a transposición ao dereito interno dos Estados membros o prazo máximo do 17 de decembro de 2021.



Corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude dos números 7 e 8 do artigo 27 do Estatuto de autonomía para Galicia, a competencia exclusiva en materia de obras públicas que non teñan a cualificación legal de interese xeral do Estado ou cuxa execución ou explotación no afecte outra comunidade autónoma ou provincia, e de estradas non incorporadas á rede do Estado e cuxo itinerario se desenvolva integramente no territorio da comunidade autónoma.

Por outra parte, a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, na súa disposición derradeira segunda, habilita a Xunta de Galicia para o seu desenvolvemento regulamentario, que se leva a cabo neste decreto en relación coa incorporación das avaliacións de impacto da seguridade viaria e das auditorías da seguridade viaria nas fases de anteproxecto ou proxecto de trazado, e de proxecto de construción como parte da documentación e do contido dos estudos e proxectos, regulada no seu artigo 17, en relación coa realización de auditorías da seguridade viaria na fase previa á posta en servizo das actuacións de estradas e da súa explotación inicial como parte do proceso de construción das estradas, regulado no capítulo I do seu título III; e en relación coa avaliación da seguridade das estradas do conxunto da rede e coa realización de inspeccións da seguridade viaria como parte das actividades de explotación das estradas, reguladas no capítulo III do seu título III.

O decreto introduce varios instrumentos relacionados coa xestión da seguridade das estradas: as avaliacións de impacto da seguridade viaria, as auditorías da seguridade viaria, as avaliacións da seguridade das estradas do conxunto da rede e as inspeccións da seguridade viaria.

Este decreto axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Respecto dos principios de necesidade e eficacia, cabe indicar que a obriga de traspoñer a Directiva 2008/96/CE á normativa autonómica vén directamente derivada do carácter exclusivo da competencia autonómica sobre as estradas non incorporadas á rede do Estado e cuxo itinerario se desenvolva integramente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e do previsto no artigo 288 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, sendo este decreto a vía máis eficaz para levar a cabo a transposición requirida. Os fins perseguidos quedan recollidos no articulado e trátase dun instrumento adecuado para garantir a consecución dos anteditos fins. En virtude do principio de proporcionalidade, a iniciativa contén a regulación imprescindible para garantir a correcta transposición da Directiva 2008/96/CE, para poder obter o resultado que debe acadarse. Co obxecto de garantir o principio de seguridade xurídica, este decreto é coherente co resto do ordenamento xurídico. Por outra banda, en aplicación do principio de eficiencia, o decreto non introduce cargas administrativas.

CVE-DOG: 7mtngsi8-aj65-9v30-px02-kbbmutiwdly8



Na elaboración desta norma cúmplíronse as exixencias establecidas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Foi sometida á consulta pública previa a proposta presentada e á información pública o anteproxecto do decreto, mediante a súa exposición no portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia, e foron solicitados, entre outros, os informes preceptivos do Servizo Xurídico da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa da Consellería de Facenda e Administración Pública, da Secretaría Xeral de Igualdade da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude e da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

O presente decreto tamén se someteu ao ditame do Consello Consultivo de Galicia, que foi emitido con data do 10 de marzo de 2023 (Ditame 39/2023).

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, de acordo co Consello Consultivo e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trinta de marzo de dous mil vinte e tres,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

Este decreto ten por obxecto o establecemento e a aplicación de procedementos relacionados coa xestión da seguridade das estradas de Galicia.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

1. O ámbito de aplicación deste decreto abrangue as estradas de titularidade da Comunidade Autónoma ou das entidades locais de Galicia que reúnan ou cheguen a reunir algunha das seguintes condicións:

- a) As que se integren na Rede transeuropea de estradas.
- b) As clasificadas como autoestradas e autovías, de acordo co disposto na lexislación en materia de estradas de Galicia.



c) O resto de estradas situadas fóra das zonas urbanas, ás cales non teñan acceso as propiedades lindeiras e que, a partir da entrada en vigor deste decreto, se leven a cabo utilizando financiamento da Unión Europea, coa excepción das estradas que non están abertas á circulación xeral de vehículos de motor, como as vías de circulación para bicicletas, ou as estradas que non están concibidas para a circulación xeral, como as estradas de acceso a zonas industriais, agrícolas ou forestais.

2. A suxeición a este decreto das infraestruturas identificadas no número anterior producirase en calquera das fases de planificación, de proxecto, de construción ou de explotación en que se atopen.

3. Exceptúanse do disposto neste decreto os túneles de estrada incluídos no ámbito de aplicación da Directiva 2004/54/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril, sobre requisitos mínimos de seguridade para túneles da Rede transeuropea de estradas, ou norma que a substitúa.

Artigo 3. *Definicións*

Para os efectos de aplicación deste decreto entenderase por:

a) Rede transeuropea de estradas: a rede de estradas identificada no Regulamento (UE) nº 1315/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro, sobre as orientacións da Unión para o desenvolvemento da Rede transeuropea de transporte, e polo que se derroga a Decisión nº 661/2010/UE, ou por aquel que o substitúa.

b) Directrices: as pautas sobre os pasos que deben darse e os elementos que deben terse en conta á hora de aplicar os procedementos en materia de seguridade establecidos neste decreto.

c) Proxecto de infraestrutura: o proxecto para a construción dunha infraestrutura viaria nova ou a modificación substancial de infraestruturas da rede xa existente con efectos no fluxo de tráfico.

d) Modificación substancial de infraestrutura viaria: actuación que inclúa duplicacións de calzada, variantes de poboación ou obras de acondicionamento de estradas existentes nunha lonxitude continuada de máis de 10 km.

e) Persoa usuaria vulnerable da vía pública: as persoas usuarias da vía pública non motorizadas, incluídas, en particular, as que fagan uso da mobilidade peonil ou ciclista, así como as persoas usuarias de vehículos de motor de dúas rodas.



f) Actuación: conxunto de actividades cuxo obxecto é a construción ou mellora dun treito de estrada, que comprende desde a fase de planificación ata a súa posta en servizo.

g) Obras de acondicionamento: obras cuxa finalidade é a modificación das características xeométricas da estrada existente, con actuacións tendentes a mellorar os tempos de percorrido, o nivel de servizo e a seguridade da circulación.

CAPÍTULO II

Avaliación de impacto da seguridade viaria

Artigo 4. Avaliación de impacto da seguridade viaria

1. A avaliación de impacto da seguridade viaria consistirá na realización dunha análise estratéxica comparativa da repercusión dunha estrada nova ou da modificación substancial dunha estrada xa existente sobre a seguridade da rede de estradas.

2. Os proxectos de infraestrutura deberán ser obxecto dunha avaliación de impacto da seguridade viaria.

3. A avaliación de impacto da seguridade viaria levarase a cabo na fase inicial de planificación, de forma simultánea á redacción do estudo informativo ou do anteproxecto ou proxecto que asuma a súa función, segundo o establecido na lexislación en materia de estradas de Galicia.

4. A avaliación de impacto da seguridade viaria incluírá unha análise cualitativa e cuantitativa do efecto das alternativas previstas sobre a seguridade co fin de asegurar unha consideración explícita das consecuencias da adopción das distintas alternativas nos niveis de seguridade.

As avaliacións de impacto da seguridade viaria responderán aos elementos establecidos no anexo I deste decreto. Excepcionalmente, poderase xustificar que non se realice a análise daqueles elementos que resulten impropios do proxecto de infraestruturas avaliado.

5. A avaliación de impacto da seguridade viaria deberá expoñer as consideracións en materia de seguridade viaria que contribúan á elección da solución proposta. Ademais, deberá facilitar a información necesaria para realizar a análise de custo e o beneficio das diversas opcións examinadas.



O documento da avaliación de impacto da seguridade viaria incorporarase ao expediente do estudo informativo ou do anteproxecto ou proxecto que asuma a súa función, segundo o establecido na lexislación en materia de estradas de Galicia.

6. Os resultados da avaliación de impacto da seguridade viaria serán tidos en consideración expresamente na análise que sirva de base para a elección da alternativa que se propoña no estudo informativo ou no anteproxecto ou proxecto que asuma a súa función, segundo o establecido na lexislación en materia de estradas de Galicia.

CAPÍTULO III

Auditorías da seguridade viaria

Artigo 5. Contido das auditorías da seguridade viaria

1. As auditorías da seguridade viaria consistirán nunha comprobación independente, pormenorizada, sistemática e técnica da seguridade das características do deseño dun proxecto de infraestruturas, aplicada ás diferentes fases que van desde a planificación á explotación na súa fase inicial e realizada polas persoas auditoras da seguridade viaria debidamente acreditadas.

2. Os proxectos de infraestrutura someteranse ás correspondentes auditorías da seguridade viaria cuxo obxecto será a detección de riscos potenciais na infraestrutura que puidesen dar lugar a accidentes, co fin de que se adopten as medidas que resulten viables para eliminar ou paliar os devanditos riscos. O seu obxecto non se limitará á mera comprobación do cumprimento da normativa de deseño de nova construción no proxecto sometido á auditoría.

3. As auditorías da seguridade viaria responderán aos elementos establecidos no anexo II deste decreto. Excepcionalmente, poderase xustificar que non se realice a análise daqueles elementos que resulten impropios do proxecto de infraestruturas auditado.

4. As auditorías da seguridade viaria serán parte integrante do proceso de deseño dos proxectos de infraestruturas e das súas modificacións nas fases de anteproxecto ou proxecto de trazado, de proxecto de construción, previa á posta en servizo e de explotación inicial.

Para a realización das auditorías da seguridade viaria, o equipo de auditoría establecerá as canles de coordinación periódica adecuadas cos respectivos equipos responsables de cada unha das fases do proceso de deseño dos proxectos de infraestruturas.

CVE-DOG: 7mtngsi8-aj65-9v30-px02-kbbmutiwdly8



5. As auditorías da seguridade viaria de cada fase serán procesos independentes. En cada unha delas redactarase un informe de auditoría.

A realización de auditorías da seguridade viaria en calquera das fases poderá implicar a necesidade de reconsiderar os criterios de fases anteriores.

6. No informe de auditoría expóranse os elementos de deseño críticos desde o punto de vista da seguridade e as deficiencias e omisións identificadas na fase da actuación obxecto da auditoría, detallando a natureza do risco para a seguridade que puidesen supoñer, así como as recomendacións pertinentes desde o punto de vista da seguridade.

O informe de auditoría da seguridade viaria incorporarase ao expediente da fase da actuación a que corresponda.

Artigo 6. *Efectos das auditorías da seguridade viaria*

1. Nas fases de anteproxecto ou proxecto de trazado, proxecto de construción e previa á posta en servizo realizaranse as modificacións e adoptaranse as medidas que resulten viables e se consideren procedentes para eliminar ou paliar os problemas identificados no informe de auditoría, tendo en conta os condicionamentos técnicos, materiais, operativos e económicos.

2. Na fase de explotación inicial adoptaranse as medidas que resulten viables e se consideren procedentes para atenuar os problemas de seguridade identificados no informe de auditoría en función do comportamento real das persoas usuarias e tendo en conta os condicionamentos técnicos, materiais, operativos e económicos.

3. O órgano competente en materia de estradas da Administración titular da estrada en que se desenvolva o correspondente proxecto de infraestrutura redactará un informe de resposta no cal se detallarán os aspectos técnicos das medidas adoptadas como consecuencia do especificado no correspondente informe de auditoría e se exporán, de ser o caso, as razóns polas que non se procedeu á rectificación do deseño antes de finalizar a fase pertinente, en correspondencia con algún dos elementos de risco sinalados no informe de auditoría.

O informe de resposta incorporarase ao expediente da fase da actuación a que corresponda e engadirase como un apéndice ao informe de auditoría.



Artigo 7. Nomeamento e formación de persoas auditoras da seguridade viaria

1. O órgano competente en materia de estradas da Administración titular da estrada en que se desenvolva o correspondente proxecto de infraestrutura nomeará a persoa auditora da seguridade viaria deste.

2. As persoas auditoras da seguridade viaria que desempeñen as funcións previstas neste decreto deberán contar con experiencia ou con formación específica en deseño de estradas, enxeñaría de seguridade viaria e análise de accidentes, e manter a súa independencia en relación co resultado da auditoría.

Cando as auditorías se efectúen en equipo, cando menos unha das persoas que o formen deberá cumprir os requisitos exixidos ás persoas auditoras da seguridade viaria.

As persoas auditoras da seguridade viaria poderán ter a consideración de empregadas públicas ou teren sido seleccionadas por calquera das modalidades previstas na lexislación de contratos do sector público.

3. Terán a consideración de persoas auditoras da seguridade viaria as persoas que se atopen en posesión do certificado de aptitude correspondente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, da Administración xeral do Estado ou doutras comunidades autónomas.

4. Para os efectos do proxecto de infraestrutura auditado, a persoa auditora da seguridade viaria non deberá ter participado, no momento da auditoría, na elaboración dos estudos e proxectos, na construción ou na explotación da actuación en cuestión.

CAPÍTULO IV**Procedementos de seguridade das estradas en explotación****Artigo 8. Avaliación da seguridade das estradas do conxunto da rede**

1. As avaliacións da seguridade das estradas do conxunto da rede valorarán o risco de que se produzan accidentes e de que o impacto sexa grave, a teor de:

a) Principalmente, un exame visual, realizado sobre o terreo ou por medios electrónicos, das características de concepción da estrada (seguridade intrínseca).



b) Unha análise dos treitos da rede de estradas que estiveron en explotación máis de 3 anos e nos cales se produciu un número elevado de accidentes graves en proporción ao volume de circulación.

2. Como resultado da avaliación da seguridade das estradas do conxunto da rede, establecerase unha clasificación en categorías dos treitos da rede de estradas en servizo, segundo a súa seguridade inherente medida obxectivamente.

3. Realizarase unha avaliación da seguridade das estradas do conxunto da rede en explotación incluídas no ámbito de aplicación deste decreto.

4. As avaliacións da seguridade das estradas do conxunto da rede efectuaranse coa suficiente frecuencia como para garantir uns niveis de seguridade adecuados, pero, en calquera caso, polo menos cada 5 anos.

5. A avaliación da seguridade das estradas do conxunto da rede responderá aos elementos establecidos no anexo III deste decreto. Excepcionalmente, poderase xustificar que non se realice a análise daqueles elementos que resulten impropios das estradas que conformen a rede avaliada.

6. Sobre a base dos resultados das avaliacións a que se refire este artigo e co fin de establecer prioridades entre as medidas que haberá que adoptar no futuro, todos os treitos da rede de estradas se clasificarán en, cando menos, tres categorías, segundo o seu nivel de seguridade.

7. A avaliación da seguridade das estradas do conxunto da rede será aprobada polo órgano competente en materia de estradas da Administración titular da correspondente rede de estradas.

Artigo 9. *Seguimento dos procedementos das estradas en explotación*

1. As conclusións das avaliacións de seguridade das estradas do conxunto da rede efectuadas ao abeiro deste decreto serán obxecto de seguimento, xa sexa mediante inspeccións específicas da seguridade viaria ou mediante medidas correctoras directas.

2. As inspeccións específicas da seguridade viaria consisten nunha investigación específica para detectar condicións perigosas, defectos e problemas que aumentan o risco de accidentes e lesións, a partir dunha visita *in situ* a unha estrada ou treito de estrada en servizo.



3. Cando menos realizáranse inspeccións específicas da seguridade viaria en todos aqueles treitos da rede de estradas en explotación que se encadren na categoría correspondente ao nivel de seguridade máis baixo de entre aqueles que resulten das avaliacións de seguridade das estradas do conxunto da rede efectuadas ao abeiro deste decreto.

4. As inspeccións específicas da seguridade viaria responderán aos elementos establecidos no anexo IV deste decreto. Excepcionalmente, poderase xustificar que non se realice a análise daqueles elementos que resulten impropios dos treitos de estradas inspeccionados.

As inspeccións da seguridade viaria terán como finalidade a detección de riscos potenciais na infraestrutura que puidesen dar lugar a accidentes, de cara á súa resolución durante a fase de explotación da estrada, polo que o seu obxecto non se limitará á mera comprobación do cumprimento da normativa de deseño de nova construción na estrada inspeccionada.

5. As inspeccións específicas da seguridade viaria serán realizadas por equipos de persoas expertas. Cando menos unha das persoas que formen o equipo que realice as inspeccións específicas da seguridade viaria deberá cumprir os requisitos exixidos neste decreto para a realización de auditorías da seguridade viaria.

6. As conclusións das inspeccións específicas da seguridade viaria serán obxecto de seguimento mediante decisións motivadas, adoptadas polo órgano competente en materia de estradas da Administración titular da correspondente rede de estradas e que establezan se é necesario tomar medidas correctoras.

Cando menos, nos treitos de estradas en explotación que se encadren na categoría correspondente ao nivel de seguridade máis baixo de entre aqueles que resulten das avaliacións de seguridade das estradas do conxunto da rede efectuadas ao abeiro deste decreto, definiránse as accións prioritarias destinadas a mellorar a seguridade das infraestruturas viarias.

Ademais, neses treitos, tomaranse medidas correctoras específicas e aquelas outras que brinden a oportunidade de aplicar medidas cun elevado potencial de mellora da seguridade e de aforro dos custos causados por accidentes.

7. Elaborarase un plan de acción prioritario, baseado nos resultados da avaliación da seguridade das estradas do conxunto da rede e das inspeccións específicas de seguridade,



para levar a cabo o seguimento da aplicación das medidas correctoras a que se fai referencia neste artigo, que se actualizará cada 5 anos e que será aprobado polo órgano competente en materia de estradas da Administración titular da correspondente rede de estradas.

Artigo 10. *Inspeccións periódicas da seguridade viaria*

1. As inspeccións periódicas da seguridade viaria consistirán na comprobación ordinaria periódica das características e as circunstancias de risco para as persoas usuarias que exigen unha intervención de mantemento por motivos de seguridade.

2. Nas estradas en explotación levaranse a cabo inspeccións periódicas da seguridade viaria como parte dos traballos de conservación ordinaria das estradas coa frecuencia suficiente para garantir niveis de seguridade adecuados na infraestrutura viaria.

3. Nos treitos da rede de estradas limítrofes cos túneles de estrada incluídos no ámbito de aplicación da Directiva 2004/54/CE, realizaranse inspeccións periódicas conxuntas da seguridade viaria coa participación dos órganos competentes da aplicación deste decreto e os da Directiva 2004/54/CE. As inspeccións periódicas conxuntas da seguridade viaria levaranse a cabo coa suficiente frecuencia como para garantir uns niveis de seguridade adecuados, pero, en calquera caso, polo menos cada 6 anos.

CAPÍTULO V
Outras disposicións

Artigo 11. *Comunicación voluntaria*

As administracións titulares das estradas habilitarán un sistema de comunicación voluntaria, accesible en liña para todas as persoas usuarias das vías públicas de súa titularidade, co fin de facilitar a recompilación de pormenores sobre os incidentes transmitidos polas persoas usuarias da vía pública e polos vehículos, así como calquera outra información relacionada coa seguridade que as persoas que a comuniquen perciban como un perigo real ou potencial para a seguridade das infraestruturas viarias.

Artigo 12. *Comprobación das posibles repercusións das obras viarias sobre a seguridade*

As administracións titulares das estradas realizarán comprobacións das posibles repercusións das obras viarias sobre a seguridade da circulación nas estradas e velarán por que



se adopten as medidas de seguridade pertinentes e, en especial, polo cumprimento das medidas temporais de seguridade aplicables ás obras viarias.

Artigo 13. *Directrices*

A consellería da Xunta de Galicia competente en materia de estradas establecerá as directrices para a realización das avaliacións de impacto da seguridade viaria, das auditorías da seguridade viaria, da avaliación da seguridade das estradas do conxunto da rede e das inspeccións, periódicas e específicas, de seguridade viaria.

O exercicio destas atribucións exercerase sen prexuízo da independencia das persoas auditoras da seguridade viaria no cumprimento dos seus obxectivos.

Disposición adicional primeira. *Primeira avaliación da seguridade das estradas do conxunto da rede*

A primeira avaliación da seguridade das estradas do conxunto da rede en explotación levarase a cabo antes do 31 de decembro de 2024.

Disposición adicional segunda. *Elaboración do primeiro plan de acción derivado das inspeccións específicas da seguridade viaria*

O primeiro plan de acción derivado das inspeccións específicas da seguridade viaria, ao cal se refire o número 7 do artigo 9, elaborárase antes de que transcorran 5 anos desde a entrada en vigor deste decreto.

Disposición adicional terceira. *Realización das mellores prácticas en materia de xestión da seguridade viaria no resto da Rede autonómica de estradas de Galicia*

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia poderá aplicar, como forma de incorporar a realización das mellores prácticas na materia, determinados instrumentos e procedementos previstos neste decreto, tales como as avaliacións de impacto da seguridade viaria, as auditorías da seguridade viaria, a avaliación da seguridade das estradas do conxunto da rede e as inspeccións da seguridade viaria, a outras estradas pertencentes á Rede autonómica de estradas de Galicia, aínda cando non formen parte do ámbito de



aplicación deste decreto, cando as condicións da seguridade viaria nas anteditas estradas así o xustifique.

A relación das estradas de titularidade autonómica en que se apliquen os diferentes instrumentos e procedementos previstos neste decreto, ao abeiro do parágrafo anterior, farase pública no sitio web da consellería da Xunta de Galicia competente en materia de estradas.

Disposición transitoria primeira. *Avaliación do impacto da seguridade viaria de proxectos de infraestruturas xa iniciados*

1. Os proxectos de infraestruturas cuxo estudo informativo, ou o anteprojecto ou proxecto que asuma a súa función, segundo o establecido na lexislación en materia de estradas de Galicia, non fose aprobado provisionalmente antes da entrada en vigor deste decreto, serán obxecto de avaliación do impacto da seguridade viaria segundo o establecido no capítulo II.

2. Os proxectos de infraestruturas cuxo estudo informativo, ou o anteprojecto ou proxecto en materia de estradas que asuma a súa función, fose aprobado provisionalmente antes da entrada en vigor deste decreto, non serán obxecto da avaliación do impacto da seguridade viaria prevista neste decreto.

Disposición transitoria segunda. *Auditorías da seguridade viaria de proxectos de infraestruturas xa iniciados*

1. Os proxectos de infraestruturas cuxo anteprojecto ou proxecto de trazado non fose aprobado provisionalmente antes da entrada en vigor deste decreto, serán obxecto de auditoría da seguridade viaria nas fases de anteprojecto ou proxecto de trazado, proxecto de construción, previa á posta en servizo e explotación inicial, segundo o establecido no capítulo III.

2. Os proxectos de infraestruturas cuxo anteprojecto ou proxecto de trazado fose aprobado provisionalmente antes da entrada en vigor deste decreto non serán obxecto de auditoría da seguridade viaria na fase de anteprojecto ou proxecto de trazado, pero serán obxecto de auditoría da seguridade viaria nas fases de proxecto de construción, previa á posta en servizo e explotación inicial, segundo o establecido no capítulo III.

CVE-DOG: 7mtngsi8-aj65-9v30-px02-kbbmutiwdly8



3. Os proxectos de infraestruturas cuxo proxecto de construción non fose aprobado provisionalmente antes da entrada en vigor deste decreto serán obxecto de auditoría da seguridade viaria nas fases de proxecto de construción, previa á posta en servizo e explotación inicial, segundo o establecido no capítulo III.

4. Os proxectos de infraestruturas cuxo proxecto de construción fose aprobado provisionalmente, pero que non se puxeron en servizo con anterioridade á data de entrada en vigor deste decreto, serán obxecto de auditoría da seguridade viaria nas fases previa á posta en servizo e de explotación inicial, segundo o establecido no capítulo III.

5. Os proxectos de infraestruturas cuxo proxecto de construción modificado non fose aprobado antes da entrada en vigor deste decreto, serán obxecto de auditoría da seguridade viaria nas fases de proxecto de construción, previa á posta en servizo e explotación inicial, segundo o establecido no capítulo III.

Disposición transitoria terceira. *Directrices de aplicación transitoria*

Mentres a consellería da Xunta de Galicia competente en materia de estradas non adopte as directrices a que se refire o artigo 13, serán de aplicación as establecidas por parte da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a través da Orde circular 30/2012 pola que se aproban as directrices dos procedementos para a xestión da seguridade das infraestruturas viarias na Rede de estradas do Estado, ou da norma que a substitúa.

Disposición derradeira primeira. *Transposición de dereito da Unión Europea*

Mediante este decreto trasponse ao dereito autonómico de Galicia a Directiva 2019/1936, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro, pola que se modifica a Directiva 2008/96/CE, sobre xestión da seguridade das infraestruturas viarias.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo*

1. Habilítase a persoa titular da consellería da Xunta de Galicia competente en materia de estradas para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento e a aplicación deste decreto no ámbito das súas competencias, así como para modificar os seus anexos cando sexa necesario como consecuencia do que dispoña a normativa comunitaria.

2. Mediante orde da persoa titular da consellería da Xunta de Galicia competente en materia de estradas regularase o procedemento para a solicitude e emisión do certificado



de aptitude de persoas auditoras da seguridade viaria por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e estableceranse os contidos tanto da súa formación inicial como dos cursos periódicos de formación complementaria, así como a periodicidade mínima destes últimos.

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas*

Engádense cinco novas letras ao número 3 do artigo 13 do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas, coa seguinte redacción:

«ñ) Nomear a persoa auditora da seguridade viaria dos proxectos de infraestrutura.

o) Emitir os informes de resposta ás auditorías da seguridade viaria relativos ás estradas de titularidade autonómica.

p) Aprobar a avaliación da seguridade das estradas do conxunto da Rede autonómica de estradas de Galicia.

q) Adoptar as decisións motivadas que se establezan para o seguimento das conclusións das inspeccións específicas da seguridade viaria das estradas de titularidade autonómica.

r) Aprobar o plan de acción prioritario para o seguimento da aplicación das medidas correctoras derivadas das conclusións das avaliacións da seguridade viaria das estradas do conxunto da Rede autonómica de estradas de Galicia».

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, trinta de marzo de dous mil vinte e tres

Alfonso Rueda Valenzuela
Presidente

Ethel M^a Vázquez Mourelle
Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

CVE-DOG: 7mtngsi8-aj65-9v30-px02-kbbmutiwdly8



ANEXO I**Elementos das avaliacións de impacto da seguridade viaria****1. Elementos das avaliacións de impacto da seguridade viaria:**

- a) Definición do problema.
- b) Situación actual e hipótese de inacción.
- c) Obxectivos da seguridade viaria.
- d) Análise de impacto na seguridade viaria das alternativas propostas.
- e) Comparación de alternativas, incluídas as análises de custo e beneficio.
- f) Presentación dunha serie de solucións posibles.

2. Aspectos para ter en conta nas avaliacións de impacto da seguridade viaria:

- a) Vítimas mortais e accidentes, obxectivos de redución fronte ao suposto de inacción.
- b) Elección de itinerarios e patróns de tráfico.
- c) Posibles efectos nas redes existentes (por exemplo, saídas, interseccións ou pasos a nivel).
- d) Persoas usuarias das estradas, incluídas as vulnerables (por exemplo, peóns e ciclistas, así como as usuarias de vehículos de motor de dúas rodas).
- e) Tráfico (por exemplo, volume do tráfico ou clasificación do tráfico por tipo), incluídos os fluxos estimados de persoas usuarias vulnerables determinados a partir dos atributos de utilización dos predios lindeiros.
- f) Estacionalidade e condicións climáticas.
- g) Presenza dun número suficiente de aparcadoiros seguros.
- h) Actividade sísmica.



ANEXO II**Elementos das auditorías da seguridade viaria****1. Criterios na fase de anteproxecto ou proxecto de trazado:**

a) Localización xeográfica (por exemplo, exposición a correntamentos de terras, inundacións ou aludes), condicións estacionais e climáticas e actividade sísmica.

b) Tipo de interseccións e distancia entre elas.

c) Número e tipo de carrís.

d) Tipos de tráfico autorizados na estrada.

e) Funcionalidade da estrada dentro da rede.

f) Condicións meteorolóxicas.

g) Velocidades de condución.

h) Seccións transversais (por exemplo, anchura da calzada, carrís para bicicletas ou sendas peonís).

i) Pendentes transversais e lonxitudinais.

j) Visibilidade.

k) Trazado de interseccións.

l) Transporte público e infraestruturas dedicadas a el.

m) Pasos a nivel de ferrocarril.

n) Disposicións relativas ás persoas usuarias vulnerables da vía pública:

1º. Disposicións relativas a peóns.

2º. Disposicións relativas a ciclistas, incluída a existencia de rutas alternativas ou de separacións do tráfico motorizado a gran velocidade.

3º. Disposicións relativas aos vehículos de motor de dúas rodas.



4º. Densidade e situación dos pasos de peóns e de ciclistas.

5º. Disposicións relativas aos peóns e aos ciclistas nas estradas afectadas da zona.

6º. Separación dos peóns e dos ciclistas do tráfico motorizado a gran velocidade ou existencia de rutas alternativas directas en estradas de clase inferior.

2. Criterios na fase de proxecto de construción:

a) Trazado.

b) Sinais e marcas viarias coherentes.

c) Iluminación de estradas e interseccións iluminadas.

d) Equipamentos instalados nas marxes da estrada.

e) Contorna da marxe da estrada, incluída a vexetación.

f) Obstáculos fixos nas marxes da estrada.

g) Previsión de aparcadoiros seguros.

h) Disposicións relativas ás persoas usuarias vulnerables da vía pública:

1º. Disposicións relativas a peóns.

2º. Disposicións relativas a ciclistas.

3º. Disposicións relativas aos vehículos de motor de dúas rodas.

i) Adaptación beneficiosa para as persoas usuarias dos sistemas de contención de vehículos (en particular, para evitar os perigos ás persoas usuarias vulnerables da vía pública).

3. Criterios na fase previa á posta en servizo e explotación inicial:

a) Seguridade das persoas usuarias das estradas e visibilidade en distintas condicións, por exemplo, en condicións de escuridade e en condicións meteorolóxicas normais.



b) Lexibilidade dos sinais e das marcas viarias.

c) Estado do firme.

4. Criterios na fase de explotación inicial: avaliación da seguridade viaria en función do comportamento real das persoas usuarias.

ANEXO III

Elementos das avaliacións da seguridade das estradas do conxunto da rede

1. Aspectos xerais:

a) Tipo de estrada en relación co tipo e tamaño das rexións e poboacións que conecta.

b) Lonxitude do treito de estrada.

c) Tipo de zona (rural, urbana ou periurbana).

d) Utilización do solo (zonas educativas, comerciais, industriais, residenciais, agrícolas e gandeiras, forestais, en estado natural ou sen desenvolver).

e) Densidade de accesos ás propiedades lindeiras.

f) Existencia de vías de servizo.

g) Presenza de obras na estrada.

h) Presenza de zonas de estacionamento.

2. Volume de tráfico:

a) Volume global de tráfico.

b) Volume de vehículos pesados.

c) Volume de vehículos lixeiros.



d) Volume de motocicletas.

e) Volume observado de peóns a ambos os dous lados, sinalando se o seu tráfico é lonxitudinal ou transversal con respecto á estrada.

f) Volume observado de bicicletas a ambos os dous lados, sinalando se o seu tráfico é lonxitudinal ou transversal con respecto á estrada.

g) Fluxo estimado de peóns determinado a partir dos atributos de utilización dos predios lindeiros.

h) Fluxo estimado de bicicletas determinado a partir dos atributos de utilización dos predios lindeiros.

3. Datos relativos aos accidentes:

a) Número, localización e causas de vítimas mortais por grupo de persoas usuarias da vía pública.

b) Número e localización de persoas feridas graves por grupo de persoas usuarias da vía pública.

4. Características operativas:

a) Límite de velocidade (xeral, para motocicletas, para camións ou para outro tipo de vehículos).

b) Velocidade de servizo (percentil 85).

c) Xestión da velocidade e/ou redución do tráfico.

d) Presenza de servizos de sistemas intelixentes de transporte (por exemplo, alertas de conxestión ou paneis de mensaxes variables).

e) Advertencias de zona escolar.

f) Presenza de gardas de cruzamento escolar nos períodos fixados.



5. Características xeométricas:

a) Características da sección transversal (número, tipo e anchura dos carrís, deseño e material das beiravías da mediana central, carrís para bicicletas, sendas peonís ou outras), incluída a súa variabilidade.

b) Curvatura horizontal.

c) Pendente e trazado vertical.

d) Visibilidades e distancias de parada, cruzamento e adiantamento.

6. Obxectos, zonas limpas e sistemas de contención de vehículos:

a) Contorna das marxes da estrada e zonas limpas.

b) Obstáculos fixos nas marxes da estrada (por exemplo, farois ou árbores).

c) Distancia aos obstáculos desde as marxes da estrada.

d) Densidade dos obstáculos.

e) Bandas sonoras e dispositivos de redución da velocidade e calma do tráfico.

f) Sistemas de contención de vehículos.

7. Pontes e túneles:

a) Presenza e número de pontes, así como a información pertinente sobre elas.

b) Presenza e número de túneles, así como a información pertinente sobre eles.

c) Elementos visuais que representan un perigo para a seguridade das infraestruturas.

8. Interseccións:

a) Tipo de intersección e número de ramais (indicando, en particular, o tipo de control e a presenza de xiros protexidos ou a distinto nivel).

b) Presenza de canalizacións.



c) Calidade da intersección.

d) Volume de tráfico das estradas que se cruzan.

e) Presenza de pasos a nivel (con indicación, en particular, do tipo de cruzamento e de se son con barreiras, sen barreiras, manuais ou automatizados).

9. Mantemento:

a) Defectos do firme.

b) Adherencia do firme.

c) Estado das beiravías (incluída a vexetación).

d) Estado dos sinais, das marcas viarias e doutras delimitacións.

e) Estado dos sistemas viarios de contención.

10. Instalacións para as persoas usuarias vulnerables da vía pública:

a) Pasos de peóns (cruzamentos en superficie e separación de nivel).

b) Pasos de ciclistas (cruzamentos en superficie e separación de nivel).

c) Valos para peóns.

d) Existencia de beirarrúas ou instalacións á parte.

e) Instalacións para bicicletas e tipo de instalacións (vías para a circulación de bicicletas, carril de bicicletas ou outros).

f) Calidade dos pasos de peóns e de ciclistas no que respecta á visibilidade e á sinalización de cada instalación.

g) Instalacións de pasos de peóns e de ciclistas á entrada dunha estrada secundaria que se une á rede.

h) Existencia de rutas alternativas para peóns e ciclistas cando non existan instalacións separadas.



11. Elementos dos sistemas de precolisión e poscolisión para a redución das lesións por accidente de tráfico e a mitigación da súa gravidade:

- a) Centros operativos da rede e outras instalacións de patrulla.
- b) Mecanismos para informar as persoas usuarias da vía pública das condicións de condución co fin de evitar accidentes ou incidentes.
- c) Sistemas de detección automática de incidentes (DAI): sensores e cámaras.
- d) Sistemas de xestión de incidentes.
- e) Sistemas de comunicación cos servizos de emerxencia.

ANEXO IV

Elementos das inspeccións específicas da seguridade viaria

- 1. Trazado e sección transversal da vía:
 - a) Visibilidades e distancias de parada, cruzamento e adiantamento.
 - b) Límite de velocidade e zonas de limitación de velocidade.
 - c) Trazado evidente (é dicir, lexibilidade do trazado para as persoas usuarias da vía pública).
 - d) Acceso a propiedades e proxectos lindeiros.
 - e) Acceso dos vehículos de emerxencias e de servizo.
 - f) Tratamentos en pontes e sumidoiros.
 - g) Trazado da estrada (por exemplo, beiravías, desniveis do firme ou noiros de desmonte ou terraplén).
- 2. Interseccións e enlaces:
 - a) Adecuación do tipo de interseccións e enlaces.
 - b) Xeometría do trazado das interseccións e dos enlaces.



- c) Visibilidade e lexibilidade (percepción) das interseccións e dos enlaces.
 - d) Visibilidade nas interseccións e nos enlaces.
 - e) Trazado dos carrís auxiliares nas interseccións e nos enlaces.
 - f) Control do tráfico nas interseccións e nos enlaces (por exemplo, sinais de parada ou semáforos).
 - g) Presenza de pasos de peóns e ciclistas.
3. Disposicións relativas ás persoas usuarias vulnerables da vía pública:
- a) Disposicións relativas a peóns.
 - b) Disposicións relativas a ciclistas.
 - c) Disposicións relativas aos vehículos de motor de dúas rodas.
 - d) Transporte público e infraestruturas dedicadas a el.
 - e) Presenza de pasos a nivel (con indicación, en particular, do tipo de cruzamento e de se son con barreiras, sen barreiras, manuais ou automatizados).
4. Iluminación, sinais e marcas viarias:
- a) Sinais viarios coherentes, que non diminúan a visibilidade.
 - b) Lexibilidade dos sinais viarios (localización, tamaño, cor e estado de conservación).
 - c) Postes de sinalización.
 - d) Delimitación e marcas viarias coherentes.
 - e) Lexibilidade das marcas viarias (localización, dimensións e retrorreflectancia en condicións secas e húmidas).
 - f) Contraste adecuado das marcas viarias.



g) Iluminación de estradas e interseccións iluminadas.

h) Equipamentos adecuados instalados nas marxes da estrada.

5. Semáforos:

a) Funcionamento.

b) Visibilidade.

6. Obxectos, zonas limpas e sistemas de contención de vehículos:

a) Contorna das marxes da estrada, incluída a vexetación.

b) Perigos nas marxes da estrada e distancia desde o bordo da calzada ou da vía para a circulación de bicicletas.

c) Adaptación beneficiosa para as persoas usuarias dos sistemas de contención de vehículos (en particular, para evitar os perigos ás persoas usuarias vulnerables da vía pública).

d) Terminacións dos sistemas de contención de vehículos.

e) Sistemas de contención de vehículos adecuados nas pontes e nos sumidoiros.

f) Valos (en estradas de acceso restrinxido).

7. Firme:

a) Defectos do firme.

b) Adherencia.

c) Material solto ou presenza de grava ou pedras.

d) Asolagamento e drenaxe da auga.



8. Pontes e túneles:

- a) Presenza e número de pontes.
- b) Presenza e número de túneles.
- c) Elementos visuais que representan un perigo para a seguridade das infraestruturas.

9. Outras cuestións:

- a) Oferta de zonas seguras de estacionamento e descanso.
- b) Oferta para vehículos pesados.
- c) Cegamento polos faros dos vehículos.
- d) Obras de estradas.
- e) Actividades perigosas nas marxes da estrada.
- f) Información adecuada nos sistemas intelixentes de transporte (por exemplo, paneis de mensaxes variables).
- g) Animais e flora e fauna silvestres.
- h) Advertencias de zona escolar (de ser o caso).

